Bloque
A subela Noia

Número 15. III Etapa / Marzo 2015

Impreso postal sen enderezo

> “Consideramos que o grao de democracia e participación cidadá e claramente insuficiente”

Entrevista a Irati García Tomé, candidata do BNG á Alcaldía de Noia

Irati García Tomé candidata do BNG á Alcaldía de Noia

Irati García preséntase ás próximas eleccións municipais como candidata á Alcaldía de Noia polo BNG. A súa participación na vida pública comeza na universidade dentro do movemento estudantil. Desde hai varios anos exerce a súa militancia en Galiza Nova, organización xuvenil autónoma, integrada dentro do BNG. Nos últimos meses vén colaborando de xeito estreito coa Concelleira de Igualdade e Benestar.

Vostede é unha persoa moi nova. Tendo en conta que o Concello de Noia é a institución municipal con máis entidade na Comarca, non lle abruma a asunción da responsabilidade de encabezar a candidatura do BNG?

Certamente esta responsabilidade en ocasións pode resultar abrumadora, pero desde logo é para min un orgullo asumila e poder compartila coas persoas que me acompañan nesta candidatura, que combina a xuventude coa experiencia e que supoñen para min un apoio imprescindible. Esa é a miña forza, a forza do grupo que actúa unido e coa vontade de traballar polo ben común do pobo de Noia, co cal sen dúbida esta responsabilidade é moito máis asumible e levadeira.

Cal considera que é o principal problema ao que lle ten que facer fronte o Concello de Noia?

Sen lugar a dúbidas en Noia, como na práctica totalidade dos Concellos de Galiza, o principal problema é o do desemprego que, como todos sabemos, aínda que é un problema xeneralizado, estase a cebar máis con determinados sectores da sociedade, como é o da xuventude, que se está vendo abocada a emigrar por falta de oportunidades laborais que lles permitan construír un futuro estable na súa terra.

Cal sería a solución que propón o BNG para resolver este problema?

No BNG temos claro que para solucionar esta situación temos que focalizar a atención sobre a inmensa riqueza da nosa ría e a súa explotación, que como todos sabemos, constitúe un sector económico primordial na zona e unha fonte de emprego moi importante. Pero

> “Sen lugar a dúbidas en Noia, como na práctica totalidade dos Concellos de Galiza, o principal problema é o do desemprego que, como todos sabemos, aínda que é un problema xeneralizado, estase a cebar máis con determinados sectores da sociedade, como é o da xuventude, que se está vendo abocada a emigrar por falta de oportunidades laborais”

cremos que se debe dar un paso máis alá en canto ás posibilidades que nos ofrece o sector marisqueiro, non só en canto a actividade extrativa senón tamén en canto á transformación e comercialización do produto. É dicir, estamos falando da posibilidade de levar a cabo o peche do ciclo produtivo en Noia, o que nos daría a oportunidade de incrementar o número de empregos, unha estabilización dos mesmos ao longo do ano e que o beneficio xerado pola actividade recaia no pobo. Desde logo somos conscientes de que estamos a falar dun proxecto a medio/longo prazo que entraña moitas dificultades, pero estamos seguros que temos que evoluír cara a modelos integrais de produción, e a nosa intención é traballar nesta dirección.

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

www.bng.gal
www.bng.gal /noia

Relacionada con esta cuestión, está a da contaminación da nosa ría, que pensa o BNG a este respecto?
Desde logo o BNG non é alleo ao problema da contaminación da ría e ao avance dos limos sobre os bancos marisqueiros, pero foi logo da reunión que mantivemos co Cabildo da Confraría de Pescadores de Noia, na que nos deron traslado das súas preocupacións ao respecto, cando tomamos conciencia da verdadeira dimensión deste problema que cómpre afrontar con moita seriedade e sen máis dilacións. E por suposto nós temos claro que a solución deste problema non atinxe só ao concello de Noia, senón tamén a outros concellos que se ven implicados na contaminación das augas dos ríos que veñen desembocar na nosa ría , así como ás administracións galega e central. É un problema integral que como tal necesita de solucións integrais. E desde o BNG temos a vontade de facer todo o que sexa posible para que actúen as administracións que teñan responsabilidade neste ámbito.

O BNG está dacordo coa intervención que anunciaron Portos de Galicia e Costas do Estado no esteiro da ría?
Desde logo apoiamos todas aquelas iniciativas que redunden positivamente na ría e na vila, pero como dixen, para nós o primordial agora é a eliminación da contaminación que hoxe ameaza os bancos marisqueiros, polo cal fuximos de promesas electorais que se centran en actuacións de carácter puramente estético que non van ao fondo do problema.

"E por suposto nós temos claro que a solución deste problema non atinxe só ao concello de Noia, senón tamén a outros concellos que se ven implicados na contaminación das augas dos ríos que veñen desembocar na nosa ría, así como ás administracións galega e central"

O PP levaba xa no seu programa, no ano 2011, unha intervención na enseada de Noia. Costas do Estado e Portos de Galiza, organismos gobernados polo PP, acaban de facer público varias actuacións neste ámbito. Non lle parece estraño que fagan este anuncio ás portas das eleccións?
Ao BNG non lle sorprende este tipo de anuncios. Vén sendo unha práctica habitual no Partido Popular facer promesas a cambio de votos. Se ese partido podía anunciar e iniciar estas obras hai case 4 anos, a razón de que agarde a facer isto ás portas das eleccións está moi clara. O BNG quere denunciar e condenar este tipo de prácticas fraudulentas dos partidos sistémicos, que son unha forma de corrupción da democracia.

O BNG está a facer unha campaña a prol da construción de vivendas de promoción pública. Cre que Noia realmente demanda ou precisa destas vivendas?
A pesar de que en Noia se teñen construído moitas vivendas libres nos últimos anos, a conxunción entre especulación e crise tivo como consecuencia que este sexa un ben que non está ao alcance de moitas familias e que, en consecuencia, necesita da intervención pública. Ademais hai que ter en conta o esforzo que se fixo dende este Concello ao tomar a decisión de ceder un terreo co fin de que se poidan construír vivendas de promoción pública, de calidade e a uns prezos non sometidos á especulación, e polo tanto, máis accesibles.

Que é o máis salientable da súa labor nestes catro anos nas Concellarías que ocupan?
Coido que no relativo á responsabilidade en Urbanismo, o esforzo e a dedicación realizado no período de exposición pública do PXOM, xa xustificaría por si mesmo a totalidade do mandato. En Patrimonio e Casco Histórico fixéronse cousas interesantes: traballo continuado no labor a prol do "deber de conservación", exposición permanente de restos arqueolóxicos e arquitectónicos, etc. En Igualdade e Benestar, a celebración do pasado 25 de Novembro, "Día Internacional contra a Violencia de Xénero", converteuse nunha extensa programación de actividades relacionadas con este tema. Adquiríronse aparatos para facilitar o labor entre a auxiliar do fogar e o usuario/a: un sube-escaleiras e unha grúa de transferencias. Obradoiros de Memoria en todas as parroquias. Estase a xestionar un plan de eliminación de barreiras arquitectónicas. Organízanse actividades de ximnasia para maiores, durante todo o ano. Iniciáronse as xestións cos concellos da comarca para mancomunar os servizo público do STAND, etc.

Considera vostede que actualmente o grao de democracia na institución municipal é suficiente?
Consideramos que o grao de democracia e participación cidadá e claramente insuficiente, xa que hai moitas decisións nas que poden intervir os veciños e veciñas, polo que é claramente necesario camiñar cara a modelos de participación máis abertos. Recolleremos diversas propostas no noso programa que irán neste sentido, tales como a dos orzamentos participativos, consellos parroquiais e outras.

Irati García na recollida de sinaturas a prol da construción de vivendas de promoción pública

CANDIDATOS E CANDIDATAS

(1º tramo da candidatura)



IRATI GARCÍA TOMÉ

Natural da parroquia de Noia. Estuda Dereito. Desde moi nova sente inquietude pola situación do seu pobo e decátase da necesidade de contribuir á mellora da calidade de vida das noiesas e noieses, e tamén ao desenvolvimento da sociedade galega no seu conxunto. Intégrase en Galiza Nova e é desde esta organización xuvenil que desenvolve a sua actividade pública. Colabora desde hai tempo coa sección sindical da muller na central sindical CIG. Actualmente desenvolve a súa actividade laboral nunha asociación empresarial.

XOSÉ AGAPITO ROMEIRO BARREIRO

Natural de Carracido, parroquia de Sta. Cristina de Barro. Conta cunha ampla traxectoria de participación na vida pública: participa nos ámbitos da ecoloxía, a cultura, o sindicalismo, na administración local e provincial. Practicante da solidariedade entre os pobos, é membro da asociación SOGAPS, acollendo nenos e nenas saharauis na temporada de verán, dentro do programa "Vacacións en Paz". Foi concelleiro e primeiro tenente de alcalde, asumiu as responsabilidades de goberno nas áreas de Facenda, Persoal, Obras e Urbanismo, no mandato 1991/1995

XOSÉ ANTONIO MILLARES ROO

Natural de Sobreviñas, parroquia de Argalo. É Técnico Superior en Admistración de Sistemas. Colaborador da Federación Galega de Montaña, como membro da sección de montaña do clube deportivo Fontiñas. Colabora e participa como voluntario en proxectos de arqueoloxía social, tomando parte en intervencións coma as levadas a cabo no Castro de Mallou ou nas Croas de Niñóns



TANIA IGLESIAS RODRÍGUEZ

Natural da parroquia de Noia. Estuda Matemáticas na USC. Colabora coa asociación TTL (Traditional Taekwon-Do Line) en Galiza organizando entrenamentos e representando Galiza por España e Europa. É instrutora de Taekwon-do ITF e tradutora de software libre ao galego en plataformas de tradución en liña.

MIGUEL GONZÁLEZ ÁLVAREZ

Natural da parroquia de Noia. É licenciado en Tradución e Interpretación pola Universidade de Vigo, mestrado en tradución e paratradución (UVIGO), mestrado en interpretación de línguas pola London Metropolitan University. É tradutor e intérprete. Traballou moi intensamente no movimiento estudantil . Estivo integrado na Asociación Cultural Revolta, de Vigo e hoxe forma parte da A.C. Harar de Noia.

Tarifa eléctrica galega, medida chave contra o peche de empresas e a pobreza enerxética das familias

Galiza sofre unha crise enerxética que afecta tanto ás empresas como ás familias, polo que o BNG non renuncia a dar a batalla por un cambio no actual modelo enerxético que non reporta ningún beneficio pese a ser un país produtor excedentario que exporta o 40% do que produce.

"Temos que converter a electricidade en prioridade do debate político porque non podemos soportar a imposición por parte do goberno de Rajoy dunha política eléctrica feita á medida dos oligopolios madrileños que nos condena ás tarifas máis altas de Europa", explicou o portavoz nacional, Xavier Vence.

Consecuencia: perda de competitividade das empresas, mesmo abocadas ao peche como é o caso de Alcoa Coruña e Megasa, e 100.000 familias galegas que padecen pobreza enerxética.

Ante un "modelo eléctrico centralizado" pensado á medida do "burato negro" de Madrid como gran consumidor dun ben que non produce, sumado á "chapuza" do sistema de poxa do Goberno central, o Bloque propón unha tarifa eléctrica galega diferenciada que desconte os custes de transporte e da perda de enerxía durante ese transporte, o que suporía unha redución do 30-35% do prezo actual.

"É de xustiza que Galiza, familias e empresas, se beneficien de ser un país exportador do 40% da enerxía eléctrica que producimos. Se aplicamos a tarifa eléctrica en función dos custes poderiamos ter un prezo un 35% máis barato, e non é nada extraordinario porque simplemente nos permitiría unha tarifa como a media europea", argumenta Vence.

Neste sentido, o portavoz nacional considera intolerable a falta de iniciativa do Goberno de Feijóo para defender os intereses do país, e pídelle que tome nota do Executivo vasco. "Por que a Xunta permanece impasible fronte a esta política de Rajoy e de Soria a favor dos oligopolios españois? Por que non fai como Euskadi que negociou un marco específico que lle permite aforrar 2.000 millóns de euros anuais na tarifa eléctrica?", interpela Vence, "Que a Xunta se molle".

Pese aos vetos do PP no Parlamento, o Bloque "non vai cesar" de colocar este asunto no debate político, máxime cando os datos referendan a gravidade da situación que sitúan a Galiza co peor dato de produción industrial de todo o Estado en 2014, cunha caída do 7%, explicou o dirixente nacionalista.

Ás iniciativas parlamentares levadas a cabo, súmase agora unha moción que se presentará en todos os concellos reclamando unha tarifa eléctrica galega da que se beneficien tamén os municipios, pois son os veciños e veciñas que asumen o pago do servizo eléctrico. O mércores 15 de decembro, o ministro José Manuel Soria tivo que dar explicacións no Congreso a petición do Bloque sobre as medidas que está adoptar para evitar o peche que ameaza a empresas como Alcoa Coruña ou Megasa en Narón.

POTENCIA EXPORTADA DESDE GALICIA

ANO	ENERXÍA EXPORTADA
2001	46,0%
2002	37,7%
2003	41,9%
2004	38,0%
2005	26,9%
2006	32,0%
2007	33,0%
2008	25,5%
2009	37,1%
2010	37,1%
2011	30,2%
2012	40,0%
2013	*O INEGA aínda non publicou os datos*

Xavier Vence explicando o funcionamento do sistema eléctrico.

"É de xustiza que Galiza, familias e empresas, se beneficien de ser un país exportador do 40% da enerxía eléctrica que producimos. Se aplicamos a tarifa eléctrica en función dos custes poderiamos ter un prezo un 35% máis barato, e non é nada extraordinario porque simplemente nos permitiría unha tarifa como a media europea", argumenta Vence"

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
Praza de San Lázaro, nº 1-1º esda. 15200 NOIA
Tfno./Fax: 981 84 20 22